

Memoria económica e de transparencia do convenio para concesión dunha subvención directa entre a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader) e a Sociedade Deportiva Coto de Caza de de Remourelle para a reconstrucción de cuberta e reforma interior da casilla dos peóns camineros, dentro da categoría de "Promoción e posta en valor da vida social, cultural e educativa da comarca".

Expediente: CNV23_01

PRIMEIRO.- Antecedentes e obxectivos

Axencia Galega de Desenvolvemento Rural creouse pola disposición adicional sexta da Lei 5/2000, do 28 de decembro, de medidas fiscais e de réxime orzamentario e administrativo (DOG núm. 251, do 29 de decembro).

A dita lei de creación está modificada, entre outras, pola Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia (DOG núm. 94, do 21 de maio), en cuxo artigo 6 configúrase a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural como unha axencia pública autonómica, de conformidade coa Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, coa consideración de medio propio e servizo técnico da Comunidade Autónoma de Galicia, que actúa como instrumento básico na promoción e coordinación do desenvolvemento do territorio rural galego, co obxectivo de mellorar as condicións de vida dos seus habitantes e de evitar o seu despoboamento a través, entre outras, das medidas de recuperación da terra agroforestal de Galicia reguladas na citada Lei 11/2021.

A Axencia Galega de Desenvolvemento Rural está adscrita á Consellería do Medio Rural, ten personalidade xurídica e patrimonio propios, goza de autonomía administrativa e económica e posúe plena capacidade de obrar, tanto no campo do dereito público como no do dereito privado, para o cumprimento dos seus fins e con suxeición á normativa correspondente.

A Axencia Galega de Desenvolvemento Rural quere promover e poñer en valor no ámbito rural galego o patrimonio histórico, a recuperación da terra agraria, a vida





social, cultural e educativa, a contorna natural e os produtos agroalimentarios, xa que as actuacións sobre os ditos ámbitos contribúen a mellorar a calidade de vida e a cohesión a vida social e a estimular o arraigamento da poboación no medio rural, de xeito que fagan deste un lugar máis atractivo, ao ser as ditas actuacións interesantes dende o punto de vista do fortalecemento do orgullo rural, da diversificación económica, da potenciación do interese polo territorio e, polo tanto, do desenvolvemento xeral do territorio.

De conformidade co disposto nesta normativa, compete a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, entre outras funcións:

- Elaborar estratexias e plans integrados de valorización do medio rural, que coordinen actuacións de diversa natureza e contén coa participación dos axentes socioeconómicos públicos e privados.
- Artellar proxectos de desenvolvemento rural con carácter piloto e innovador, dirixidos ao reforzamento da base produtiva das áreas rurais, á valorización dos seus recursos e á mellora da calidade de vida dos seus habitantes.
- Promover e favorecer a cooperación entre os axentes públicos e privados cuxas actuacións incidan directa ou indirectamente no desenvolvemento das zonas rurais
- Contribuír ao reforzamento del tecido social e á mellora da capacidade organizativa das áreas rurais.
- Aplicar outras medidas e actuacións que teñan por obxecto, en particular, a dinamización do tecido produtivo e á fixación de poboación nas áreas rurais.

A Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, no marco das súas competencias e dentro das súas accións estratéxicas, vén apoiando mediante axudas directas a través de convenios, baixo a denominación de "proxectos senlleiros", diversas actuacións por entender que concorren nelas as características de especial relevancia para o desenvolvemento rural que as fan merecedoras de apoio económico.

Coa finalidade de prever, con carácter xeral, os requisitos para a concesión deste tipo de axudas, o 20 de abril de 2022 o Consello de Dirección da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural aprobou o Acordo polo que se fixan as regras de tramitación das axudas, mediante concesión directa a través de convenio, do Programa de Proxectos Senlleiros (https://agader.xunta.gal/sites/w_pagade/files/documentacion/acordos/2022_04_28_acordo_proxectossenlleiros.pdf), modificado por acordo do 7 de novembro de 2022 do Consello de Dirección da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural polo que se modifica a regra 4ª "Entidades beneficiarias dos proxectos senlleiros" onde se engade como entidade beneficiaria dos proxectos senlleiros ás Comunidades de montes veciñais en man común (punto 4.2 do Acordo) (https://agader.xunta.gal/sites/w_pagade/files/documentacion/acordos/2022_11_7





[certificadosenlleiros.pdf](#)). A regras deste Acordo conceptúan como proxectos senlleiros as actuacións sobre elementos e realidades merecedores dun recoñecemento especial, pola súa capacidade para contribuír á conservación de dúas finalidades esenciais: Mellorar a calidade de vida da poboación e promover a fixación desta nas áreas rurais.

SEGUNDO.- Xustificación do interese público e social, singularidade e excepcionalidade e da non concurrencia pública da actuación proposta .

Nos termos previstos no artigo 19.4 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, poderán concederse de forma directa, con carácter excepcional, as subvencións nas que se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria. A Axencia Galega de Desenvolvemento Rural e a Sociedade Deportiva Coto de Caza de Remourelle son conscientes da necesidade de favorecer a contorna rural, a preservación do patrimonio que alberga e a promoción do seu potencial turístico e económico, de xeito que se mellore tanto a calidade de vida da poboación, mediante unha adecuación oferta no ámbito do ocio, o deporte, a cultura, e/ou sectores produtivos e se preste unha completa gama de servizos básicos que melloren as condicións de socialización e interrelación das parroquias rurais de Galicia dende a premisa principal de garantir a existencia das infraestruturas básicas para elo e mellorar a estrutura do territorio para fixar a poboación do rural galego.

- Interese público e social: O 3 de xaneiro de 2022, a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e a Sociedade Deportiva Coto de Caza de Remourelle formalizaron a acta de entrega e recepción deste inmovible que foi concedido por resolución do 17 de decembro de 2021 pola Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda por medio dun documento de concesión demanial, a título gratuito, para o uso privativo por un período de 30 anos do citado inmovible.

A cláusula administrativa segunda do documento de formalización dispón que o inmovible deberá de destinarse con carácter xeral aos fins de interese e defensa do medio ambiente e con carácter particular ubicará o local social Sociedade Deportiva Coto de Caza de Remourelle, sendo o seu punto de quedada e partida.

O 19 de xullo de 2022, a Sociedade Deportiva Coto de Caza de Remourelle presentou unha solicitude de colaboración, xunto cunha memoria técnica valorada, para o financiamento dun proxecto senlleiro de "Reconstrucción de cuberta e





reforma interior da casilla dos peóns camineros” dentro da categoría “Promoción e posta en valor da vida social, cultural e educativa da comarca”.

Xunto coa solicitude, achegou o proxecto técnico de reconstrución de cuberta e reforma interior da casilla dos peóns camineros, onde se propón a reconstrución da edificación que actualmente se atopa en desuso e está deshabitada.

Para poder realizar calquera uso no seu interior é preciso reconstruír a cuberta da edificación que, debido ao paso do tempo e aos axentes atmosféricos, atópase derrubada así como, realizar reformas de distribución no interior con novas divisións interiores e colocación de carpintería.

Polo tanto, trátase dun proxecto técnico de reconstrución de cuberta e reforma interior da casilla dos peóns camineros, no Concello de Ribadeo, co fin de destinalos, con carácter xeral, aos fins de interese e defensa do medio ambiente e activar a vida social e cultural da comarca e que, con carácter particular, ubicará o local social da Sociedade Deportiva Coto de Caza de Remourelle, sendo o seu punto de quedada e partida.

As actuacións que se leven acabo mellorarán as condicións da contorna e dos dos elementos e satisfarán as necesidades da veciñanza e as condicións de vida da poboación, potenciando e estimulando o arraigamento desta sobre o territorio que habita, contribuíndo ademais á cohesión da vida social no medio rural.

Polo tanto, trátase dunha intervención que procura realizar a rehabilitación, reconstrución ou recuperación de edificacións, infraestruturas ou espazos públicos singulares, por teren un marcado significado social, cultural ou educativo para a comarca na que se sitúan, co fin de destinalos a un uso público compatible cos seus elementos e características así como obras de mellora, reforma e reparación de infraestruturas e instalacións, así como o seu equipamento, destinadas a satisfacer as necesidades da veciñanza.

- Singularidade e excepcionalidade: neste caso, a singularidade e excepcionalidade do proxecto da Sociedade Deportiva Coto de Caza de Remourelle reside na promoción e posta en valor da vida social, cultural e educativa da comarca. Trátase dunha edificación de planta baixa e forma rectangular das que se conservan moi poucas edificacións destinadas a vivendas dos peóns camineros, concretamente no concello de Ribadeo. A singularidade desta edificación tan só é comparable a algunha que estean próximas a algunha estación de montaña. A situación e peculiaridade na súa construción e que xa non existen edificacións deste tipo, fai que sexa necesario conservala e proceder á súa rehabilitación, mantendo inalterable o seu aspecto exterior. Todos os elementos que compoñen os cerramentos de fachada: muros de mampostería, jambas, dinteles e alfeizares deben de conservarse dada a peculiaridade dos mesmos para este tipo de edificacións.





Polo tanto, este proxecto de “Reconstrucción de cuberta e reforma interior da casilla dos peóns camineros” supón un ben imprescindible para a conservación deste tipo de edificacións singulares en desuso a economía, a vida social da poboación dese concello.

De acordo co artigo 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, non é posible promover a concorrencia pública para a realización desta actuación.

Neste caso o proxecto presentado pola Sociedade Deportiva Coto de Caza de Remourelle “Reconstrucción de cuberta e reforma interior da casilla dos peóns camineros” propón a reconstrucción da cuberta e reforma interior da casilla dos peóns camineros de 110 m2 que actualmente se atopa en desuso, e que debido ao paso do tempo, a cuberta atópase derrubada e o interior totalmente diáfano. Trástanse dunha edificación das que se conservan moi poucas edificacións destinadas a vivendas dos peóns camineros, concretamente no concello de Ribadeo. A singularidade desta edificación tan só é comparable a algunha que estean próximas a algunha estación de montaña.

Polo tanto, a subvención directa decídese en base a criterios obxectivos que foron fixados mediante o Acordo do Consello de Dirección de Agader do 20 de abril de 2022 polo que se fixan as regras de tramitación das axudas, mediante concesión directa a través de convenio, do Programa de Proxectos Senlleiros en canto as posibles entidades beneficiarias das axudas, os concellos, como ás actividades a subvencionar. En concreto, na regra 3.-Categorías de proxectos senlleiros, sinala que os proxectos financiados a través do programa deberán pertencer a algunha das categorías que se sinalan. O proxecto que nos propón o concello encádrase na seguinte categoría e características:

C) Promoción e posta en valor da vida social, cultural e educativa da comarca.

Os proxectos senlleiros deste tipo deben reunir algunha das seguintes características:

- a. Realizar a rehabilitación, reconstrución ou recuperación de edificacións, infraestruturas ou espazos públicos singulares, por teren un marcado significado social, cultural ou educativo para a comarca na que se sitúan, co fin de destinalos a un uso público compatible cos seus elementos e características.
- b. (...)
- c. Realizar obras de mellora, reforma e reparación de infraestruturas e instalacións, así como o seu equipamento, destinadas a satisfacer as necesidades da veciñanza.





TERCEIRO.- Financiación

A Agader e a Sociedade Deportiva Coto de Caza de Remourelle, queren levar a cabo un convenio para a concesión dunha subvención directa para o proxecto arriba referenciado por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 30 de novembro de 2023 sen prexuízo de que as actividades subvencionadas sexan as executadas a partires do 01 de xaneiro de 2023.

- PROXECTO "Reconstrucción de cuberta e reforma interior da casilla dos peóns camineros".
- ORZAMENTO: Cento cincuenta e nove mil cincocentos oitenta euros con sesenta e oito céntimos (159.580,68 €), para o período 2023.
- Aplicación orzamentaria 14.A1.712A.781.0 -Código proxecto 2017 00003 dos orzamentos de Agader para a anualidade 2023 "Actuacións senlleiras de mellora do patrimonio rural".
- Plan Estratéxico de Galicia:
 - Eixo 3: Competitividade e crecemento.
 - Prioridade de actuación: PA 3.5 Aproveitar as potencialidades de Galicia cara un sector primario moderno e competitivo.
 - Obxectivo extratéxico: OE 3.5.6 Contribuir o desenvolvemento económico e social en zonas rurais e costeiras. Mellorar as condicións de vida no territorio rural galego, especialmente a través dunha mellora das infraestruturas, mellora no acceso aos servizos básicos e creación de emprego.
 - Obxectivo operativo: OI01 Actuacións de soporte e apoio, gasto de funcionamento.

| | | |
|--|---------------------|---------------------|
| Aplicación orzamentaria 14.A1.712A.781.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2023, código de proxecto 2017-00003.-"Actuacións senlleiras de mellora do patrimonio rural". | | TOTAL |
| Importe | 2023 | 159.580,68 € |
| | 159.580,68 € | |





De conformidade co previsto na Lei 9/2007, de subvencións de Galicia o prazo de execución e xustificación rematará o 15.11.2023 sen prexuízo de que as actividades subvencionadas sexan as executadas a partires do 01 de xaneiro de 2023.

Actividades a desenvolver e orzamento xeral:

O obxecto do presente convenio é a reconstrucción de cuberta e reforma interior da casilla dos peóns camineros como proxecto senlleiro na categoría "Promoción e posta en valor da vida social, cultural e educativa da comarca" dentro do Programa de Proxectos Senlleiros da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural.

O proxecto consiste na reconstrucción da edificación que actualmente se atopa en desuso e deshabitada. Neste inmovible é preciso realizar tarefas de reconstrucción da cuberta e reforma interior co fin de satisfacer as necesidades e aspiracións da veciñanza e de pertenza á comunidade dese lugar mediante a defensa do medio ambiente e como uso de local social da Sociedade Deportiva Coto de Caza de Remourelle.

As actuacións a realizar por parte da Sociedade Deportiva Coto de Caza de Remourelle son a reconstrucción de cuberta e reforma interior da casilla dos peóns camineros, sita no lugar de Remourelle, no Concello de Ribadeo.

A cláusula administrativa terceira do documento de formalización do 3 de xaneiro de 2022 referenciado na parte expositiva "Cuarto.-" do convenio, dispón que as obras de reforma, reparación e mellora do inmovible, serán por conta da entidade concesionaria e requirirán autorización previa pola Secretaría Xeral Técnica da Consellería do Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, mediante aportación da documentación para o outorgamento da licenza. Os investimentos realizados quedarán en beneficio do inmovible e, en ningún caso, poderán ser reembolsados pola Comunidade Autónoma de Galicia, propietaria do mesmo.

As obras levaranse acabo dentro dun prazo razoable unha vez outorgada a concesión. A concesionaria non poderá realizar máis obras que as contempladas na citada cláusula terceira do documento de formalización descrita neste convenio no parágrafo precedente.

Para iso, compre realizar as actuacións necesarias que permitan ofrecer, por parte das distintas entidades, uns servizos de difusión ben planificados dos que debemos responsabilizarnos, para garantir a todos os cidadáns o uso das infraestruturas obxecto do convenio.

As actuacións que se pretenden realizar son as definidas no proxecto que se incorpora ao expediente, tales como:

- sistema estrutural: Cuberta de pizarra con aislamentos e impermeabilizacións.





-sistema de compartimentación: distribución dos espacios interiores formados mediante cerramento con ladrillo de 8 cm recibido con mortero de cemento, cargado e enlucido por ambas caras.

Carpintería interior de folia de dobre tableiro aglomerado de 15 mm, portas interiores e exteriores, falsos teitos, alicatados, baldosas, pinturas, tarima flotante, instalación de saneamento, fontanería e sanitarios, instalación eléctrica e de telefonía, evacuación de humos e gases, ventilación, barnices e pinturas.

-xestión de residuos e sistemas de seguridade e saúde.

| RESUMO DE ORZAMENTOS | | |
|---|--|---------------------|
| 1 | Demolicións | 10.475,66 € |
| 2 | Albañilería | 7.811,38 € |
| 3 | Cuberta | 34.190,22 € |
| 4 | Fachada | 12.224,08 € |
| 5 | Carpintería | 5.082,04 € |
| 6 | Pavimentos, alicatados e falsos teitos | 12.966,05 € |
| 7 | Instalacións de saneamento | 7.979,57 € |
| 8 | Fontanería e sanitarios | 3.337,04 € |
| 9 | Instalación eléctrica | 4.340,65 € |
| 10 | Barnices e pinturas | 8.483,75 € |
| 11 | Xestión de residuos | 3.313,00 € |
| 12 | Seguridade e saúde | 624,17 € |
| Presuposto execución material (PEM) | | 110.827,61 € |
| 13% gastos xerais | | 14.407,59 € |
| 6% beneficio industrial | | 6.649,66 € |
| 21% IVE | | 27.695,82 € |
| Presuposto execución por contrata (PEC=PEM+GC+BI) | | 159.580,68 € |
| Presuposto execución por contrata con IVE (PEC=PEM+GC+BI...) | | 159.580,68 € |

Nos termos previstos no artigo 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, as subvencións previstas canalizaranse a través de convenios subscritos con concellos, en canto entidades beneficiarias das axudas previstas.

Na tramitación administrativa destes expedientes incorporaranse os seguintes informes:

-Informe da Asesoría Xurídica da Consellería do Medio Rural.





-Informe da Intervención Delegada da Consellería do Medio Rural.

Por todo o exposto, estímase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o devandito convenio fora do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, con independencia de que, de acordo co previsto no artigo 4 da devandita norma, lle sexan de aplicación os principios desta Lei para resolver as dúbidas e lagoas que puidesen presentarse.

Para a tramitación deste convenio, tense observado o cumprimento dos requisitos establecidos na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

O órgano competente para o acordo de convenios, por importe inferior a 900.000 euros que deba concertar a Agader para o axeitado exercicio das súas funcións, é o Consello de Dirección da Agader, que ten delegada a dita competencia na persoa titular da Dirección Xeral da Agader en virtude do apartado Primeiro, II, 7 do acordo do Consello de Dirección da Agader do 11 de xullo de 2013, publicado mediante a Resolución do 24 de xullo de 2013 (DOG nº 148, do 5.8.2013).

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica.

O Consello de Dirección
P.D. (Acordo do 11.07.2013)
A directora xeral
Inés Santé Riveira

